

**LITERATURA**  
**PREMIO MENORES DE 16 ANOS - 2006**

**Sara Cid Feijóo**



# Ollando ao meu redor

*Palabras que leva o vento  
non se poden atopar,  
lonxe de nós ou preto,  
sabe Deus onde estarán.*

*As sombras dos longos días  
son moi malas de esquecer,  
detrás daquelas montañas  
o sol desperta outra vez.*

*As ondas do mar veñen e van,  
sen descanso polo vento,  
os barcos asucan as augas  
cun andar de vagar lento.*

*Van as aves polo ar  
debuxando moitas formas,  
dende alí ven toda a terra  
coas súas paisaxes novas.*

*En terra firme agardando  
a que chegue a primavera,  
os campos vólvense flor  
e lindas cores esperan.*

*Os nenos xogan calmados,  
as vacas pacen na herba,  
a aldea está sosegada,  
pronto chegará a festa.*

*A hedra no seu silencio  
medra buscando a luz,  
eu dende a miña xanela  
vexo na Igrexa unha cruz.*

*No parque a carón da Igrexa  
óense os paxaros cantar,  
o río que asuca o monte  
leva a corrente ata o mar.*

*Xa comeza a anoitecer  
o sol vai durmir,  
os nenos veñen de volta  
acabouse o de fuxir.*

*Escóitase o mar de lonxe  
o faro ilumina o mar,  
a xente está na súa casa,  
mañá hai que traballar.*



*Os nenos déitanse cedo,  
haberá que madrugar,  
os seus pais cóntanlles un conto  
naquela noite de luar.*

*A lúa ilumina o ceo,  
enchida por completo está.  
Óense no souto ruídos,  
un lobo aparecerá.*

*Os rapaces estremécense,  
xa teñen bastante sono,  
pronto durmen coma tolos  
pensando nos seus soños.*

*Cedo pola mañanciña  
todo o pobo desperta,  
van traballar e a estudar  
neste día que comeza.*

*As nais despiden os nenos  
cun bico na meixela,  
estes van cara a escola  
chorando ó despedirse delas.*

*Despois das súas labores  
preparan a Romaría,  
música e danzadores  
que alegren aquel día.*

*¡Que veñan as palilleiras  
xunto có noso afiador,  
será un día fermoso,  
inolvidable, si señor!*

*O augardenteiro que non falte  
os da taberna han protestar  
cunha taciña de viño  
a ninguén has molestar.*

*Pandereteiras, gaiteiros  
ímosvos esperar,  
nun día coma este  
non podedes faltar.*

*A música e o folclore  
teñen que estar presentes,  
as notas soan no aire  
alegando a toda a xente.*

*O alfareiro da aldea  
tamén estará alí,  
facendo tarteiras de barro  
para entreter e divertir.*

*Ninguén pode faltar  
todo o pobo ha de ir,  
a praza dos artesáns  
onde segredos descubrir.*

*Xogaremos, bailaremos  
muiñeiras e xotas,  
cantaremos, tocaremos  
instrumentos da terra nosa.*

*Escoita estas palabras,  
a Romaría vai comezar.  
Acórdate, non te esquezas  
ven bailar sen parar.*

*Palabras que se han esquecer  
non moi tarde no futuro,  
vivas teñen que estar  
no noso corazón puro.*

*Cantemos os cantares  
propios de Galicia,  
das nosas avoas,  
con ganas e ledicia.*

*Bailemos tódalas danzas  
que naceron na nosa terra,  
saquemos tódolos puntos  
sorrindo a nosa parella.*

*Palabras que leva o vento  
non se poden atopar,  
lonxe de nós ou preto,  
sabe Deus onde estarán.*

# FOTOGRAFÍA

## PRIMEIRO PREMIO

Héctor Porfilio Guzmán Mendoza



## ACCÉSITS

Hector Porfilio Guzmán Mendoza



Juan Andrés Hervella Vázquez



## SEGUNDO PREMIO

Juan Andrés Hervella Vázquez



Miriam Amaro Lois



## TERCEIRO PREMIO

Diego Luis D. González



Manuel Blanco Guerra



ACCÉSIT MENORES DE 16 ANOS

Paola Pérez Fernández



Ascensión Rodríguez Nóvoa

